

INFORME CLIMATOLÓXICO

ANO 2023



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	DESCRIPCIÓN DO ANO 2023 EN GALICIA POR MES.....	4
2.1.	Xaneiro.....	4
2.2.	Febreiro.....	6
2.3.	Marzo.....	8
2.4.	Abril.....	9
2.5.	Maio.....	11
2.6.	Xuño.....	13
2.7.	Xullo.....	14
2.8.	Agosto.....	16
2.9.	Setembro.....	18
2.10.	Outubro.....	20
2.11.	Novembro.....	22
2.12.	Decembro.....	23
3	DESCRIPCIÓN DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2023 EN GALICIA.....	26
3.1.	Temperatura.....	26
3.2.	Precipitación.....	30
4	BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2023 EN GALICIA.....	35
4.1.	Temperatura.....	45
4.2.	Precipitación.....	47
5	Evolución histórica da temperatura e precipitación.....	53
5.1.	Evolución da temperatura media por mes.....	54
5.2.	Precipitación.....	55
5.3.	Evolución da precipitación por mes e diagrama de Termohietas.....	56
5.4.	Índice de Precipitación Estandariza (SPI).....	57
6	EPISODIOS DESTACABLES EN CADA UN DOS MESES DE 2023.....	60
6.1.	Xaneiro.....	60
6.2.	Febreiro.....	66
6.3.	Marzo.....	72
6.4.	Abril.....	76
6.5.	Maio.....	77
6.6.	Xuño.....	81



6.7.	Xullo	86
6.8.	Agosto.....	86
6.9.	Setembro	95
6.10.	Outubro.....	106
6.11.	Novembro	124
6.12.	Decembro.....	128

Data de edición 01/02/2024

**2023, moi húmido e o máis cálido da serie histórica****1 INTRODUCCIÓN**

Neste documento preséntanse unha descrición climatolóxica do ano 2023. Así, faise un resumo mensual dos aspectos máis destacados e analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo, considerando o período de referencia 1981-2010.

Para os mapas sinópticos de anomalías de presión en superficie e altura xeopotencial de 500 hPa, o período de referencia é 1991-2020.

Se falamos de temperatura media, enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media deste ano e o valor climático obtido con respecto ó período de referencia 1981-2010. Para a variable precipitación enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada no ano respecto do valor da media climática correspondente. Así mesmo, o índice de precipitación estandarizada (SPI) que se presentará no punto 4.3, emprégase para identificar períodos húmidos e de secas ó longo do tempo.

Para os cálculos relativos aos valores medios do ano e nos períodos climáticos correspondentes, empregáronse en precipitación 16 estacións meteorolóxicas representativas. Mentres que para a temperaturas empregáronse 11 estacións de referencia para calcular os valores medios.



2 DESCRICIÓN DO ANO 2023 EN GALICIA POR MES

2.1. Xaneiro

O mes de xaneiro de 2023 destacou pola súa grande variabilidade, con dúas partes claramente diferenciadas. Durante os primeiros 20 días prevaleceu a configuración de baixas presións, con moita inestabilidade, precipitacións abundantes e ambiente moi suave por mor dos ventos do suroeste, pero nas derradeiras dez xornadas a situación cambiou completamente e as altas presións pasaron a predominar. O tempo foi en xeral seco pero frío neste segundo período, xa que o vento predominante foi de compoñente norte. As precipitacións acumuladas nos primeiros 20 días fan que o mes poida cualificarse como moi húmido, pero no caso das temperaturas, as anomalías positivas das primeiras semanas quedaron canceladas polo frío dos últimos días, resultando un mes normal.

Así, o mes comezou cunha xornada de chuvias persistentes, intensas e xeneralizadas por mor do paso moi lento dunha fronte fría moi activa que apenas podía avanzar pola presenza dun anticiclón no Mediterráneo, deixando cantidades moi significativas que nalgúns puntos superaron os 100 l/m² acumulados durante o día.

A xornada seguinte foi de transición cara ás altas presións, que predominaron ata o día 6. Durante ese día 2 apenas se rexistraron precipitacións, pero as temperaturas descenderon notablemente. Os seguintes días, entre o 3 e o 6, as temperaturas fóronse suavizando, xa que aínda que con Galicia na influencia anticiclónica, os ventos seguían soprando do suroeste. En xeral, foron xornadas con máis nubes no oeste e ceos máis abertos no leste e norte, rexistrándose os valores máis altos de temperatura na Mariña Lucense.

Esta situación relativamente tranquila rematou bruscamente nas xornadas do 7 e 8 coa chegada de dúas fronteiras moi activas que necesitaron alertas meteorolóxicas por acumulacións de choiva superiores aos 40 l/m² en 12 horas. Foron tamén xornadas de temporal de ondas no mar.

O día 9 recuperamos transitoriamente a situación anticiclónica, para volver nas xornadas do 10 e 11 á influencia das borrascas, aínda que desta volta con fronteiras de menor actividade que os anteriores do 7 e o 8.

Entre os días 12 e 15 quedamos nunha área intermedia entre as altas e as baixas presións, con algunhas chuvias febles no oeste pero temperaturas en xeral suaves.



A situación mudou drasticamente na xornada do 15. Unha fronte activa pasaba por toda Galicia deixando chuvia e un brusco descenso posterior nas temperatura e dando comezo a varios días consecutivos de situacións de adverso meteorolóxico. Así, o día 16 a borrasca Gerard deixaba avisos meteorolóxicos de vento e chuvia por toda Galicia, con rexistros de vento que superaron en moitos puntos os 100 km/h e acumulados de precipitación por riba dos 100 l/m² acumulados en 24 horas por segunda ocasión no mes. O día 17, a borrasca Fien deixaba menos vento e chuvia, pero arrastraría aire frío e provocaría un descenso na cota de neve que na tarde-noite do 17 e nas primeiras horas do 18 chegaba a caer por baixo dos 500 metros. Todo isto durante esas xornadas cun temporal que no mar chegou a aviso vermello por ondas que superaban os 8 metros e altura. E aínda quedaba na xornada do 19 a borrasca Hannelore para deixar chuvias xeneralizadas con novos avisos e rexistros importantes de precipitación.

Os días 20 e 21 foron de transición, pero xa máis tranquilos e a partir do 22 comezamos un período anticiclónico que chegou xa ata finais do mes. Soamente tivemos dúas xornadas, as do 26 e 27 nas que o paso dunha fronte fría deixaba chuvascos que por riba dos 800 metros sucederon en forma de neve. O máis salientable deste longo período anticiclónico foron as temperaturas mínimas, con xeadas xeneralizadas no interior, especialmente cara ao final do período, rexistrándose as máis baixas na madrugada do 31.

Os mapas de anomalías de presión en superficie e de xeopotencial en 500 hPa revelan unha forte anomalía positiva ao norte e noroeste do Arquipélago dos Azores. Isto foi debido a unha configuración persistente caracterizada por un anticiclón en superficie sustentado por unha dorsal en altura no Atlántico Occidental e unha valgada en altura que se descolgaba desde o norte do continente Europeo ata o norte do continente africano, a través da cal se formaban e se desprazaban borrascas desde o Atlántico Norte ata Europa do leste, onde quedaban bloqueadas pola existencia doutra dorsal en altura representada por outra anomalía positiva de xeopotencial. Esta configuración fixo tamén que a mediados de mes se achegara aire moi frío desde o círculo polar ártico que ocasionou nevaradas en cotas baixas da Comunidade.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de xaneiro, con respecto ao período de referencia 1991-2020

2.2. Febreiro

O mes de febreiro quedou claramente caracterizado pola elevada frecuencia de situacións anticiclónicas. Por esa razón, apenas conseguiron chegar fronteiras con precipitación, polo que o mes tivo un importante déficit de chuva e resultou moi seco. En canto ás temperaturas, as situacións anticiclónicas neste mes caracterízanse por unha ampla oscilación térmica, polo que en xeral as mínimas foron máis baixas do normal nun mes de febreiro, pero as máximas sucedelles exactamente o contrario. As anomalías canceláanse e polo tanto a temperatura media non se afasta da normalidade, resultando un mes normal.

Nos primeiros 6 días do mes, apenas tivemos variacións nas situacións sinópticas, caracterizadas por un anticiclón estacionario, localizado ao norte da península Ibérica, que impedía a chegada de borrascas atlánticas e aportaba estabilidade. Deste xeito, houbo tempo seco, con ceo moi aberto e oscilación térmica importante, con mínimas por debaixo dos 0 °C e algunhas néboas no interior pero máximas que superaban en moitos puntos os 15 °C.

Esta situación viuse quebrada momentaneamente nas xornadas do 7 e o 8. A presenza de aire frío terminou por xerar unha borrasca activa no Mediterráneo occidental, Isaack, que inestabilizou a atmosfera traendo chuvascos dispersos na metade norte, sendo estes algo máis xeneralizados na madrugada do 8, cando foron en forma de neve por riba dos 600 metros, chegando a verse folepas por debaixo desta cota.

O cambio de tempo foi moi pasaxeiro e xa o día 9 tiñamos novamente condicións anticiclónicas que nos acompañaron ata o día 20. Nese longo período de 11 días podemos distinguir dous períodos diferentes. No primeiro, entre o 9 e 12, a masa de aire que tiñamos

sobre Galicia era moi seca, polo que os ceos quedaban moi despexados e a oscilación térmica superaba en moitos lugares os 20 °C. Esta situación moveuse momentaneamente nas xornadas do 13 e o 14, cando o vento cambiou a compoñente sur, as temperaturas mínimas suavizáronse, aumentou a nebulosidade e mesmo chegou a rexistrarse algunha precipitación feble e ocasional na metade oeste. A partir do día 15 e ata o 19, as altas presións localizáronse novamente ao norte da península Ibérica achegando aire relativamente cálido para esta época do ano, o que deixou xornadas nas que se superaban os 20 °C polas tardes de xeito bastante xeneralizado.

Os días 20 e 21, a presenza dunha masa de aire frío en altura sobre a vertical de Galicia deixou algúns chuvascos de forma irregular, mesmo con aparato eléctrico na tarde do 21. Isto debilitou o anticiclón e permitiu a chegada dunha fronte fría o día 22, que deixou chuvias xeneralizadas pero non moi intensas. O máis salientable desta fronte foi que arrastrou unha masa de aire moi fría procedente do Atlántico norte que deixou dúas xornadas, 23 e 24, con precipitacións irregularmente repartidas pero en forma de neve por riba dos 500 metros.

Ao longo da xornada do 25 foron impoñéndose as altas presións, que nos derradeiros tres días do mes deixaron, en xeral, tempo seco, soleado e frío, con xeadas moi xeneralizadas, nalgúns puntos do interior de forte intensidade.

A frecuente configuración atmosférica de dorsal en altura e altas presións en superficie en latitudes relativamente altas durante o mes de febreiro reflíctese nos mapas de anomalías de presión en superficie e de xeopotencial en 500 hPa, onde se pode ver unha forte anomalía positiva sobre as Illas Británicas. As borrascas que conseguiron achegarse á Península fixérono ou ben vía Mediterráneo Occidental, arrastrando consigo aire moi frío do continente Europeo, ou en forma de depresións illadas en altura pola zona Atlántica.




Figura 2: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de febreiro, con respecto ao período de referencia 1991-2020



2.3. Marzo

Marzo é un mes de transición entre o inverno e a primavera, no que as situacións adoitan ser cambiantes e iso foi o que sucedeu durante este mes. As temperaturas estiveron en xeral por riba do agardado, con zonas amplas da Comunidade nas que non se afastaron moito da normalidade e as chuvias tamén presentan bastante variabilidade, con zonas nas que choveu en exceso, pero outras que quedaron por debaixo do normal. Deste xeito, o mes considérase (lixeramente) húmido e moi cálido.

O mes comezaba nunha situación intermedia con Galicia entre dúas borrascas profundas, pero tamén coas altas presións ao norte. A presenza de aire frío na columna atmosférica deixaba chuvascos intermitentes na primeira xornada, que nalgún momento deron lugar á presenza de neve en cotas baixas.

Nos seguintes días, as altas presións foron afianzando o seu dominio, polo que entre as xornadas do 2 e o 4 o tempo foi seco, por momentos moi despexado, pero as temperaturas, en particular as mínimas, rexistraron valores moi baixos con avisos amarelos en zonas do interior.

O día 5 perdemos a influencia anticiclónica e rexistráronse algunhas chuvias na metade sur da Comunidade que se repetiron na xornada do 6. Foron tamén dous días de recuperación das temperaturas, particularmente das mínimas.

Nos seguintes días, entre o 7 e o 13 Galicia quedaba na influencias das baixas presións que se foron desprazando polo Atlántico norte, afectándonos consecutivamente e deixando xornadas de ceos grises e chuvias que afectaron a calquera punto da Comunidade de xeito intermitente, máis frecuentes e intensas na provincia de Pontevedra e sur da Coruña. Os ventos sopraron do suroeste e polo tanto as temperaturas foron suaves, sen xeadas, pero con moi escasa oscilación térmica. O paso destas borrascas nesas xornadas foi dando lugar a aparición de sucesivas alertas meteorolóxicas, sendo nomeada a correspondente ao día 9 como borrasca Larisa.

Os días 14 e 15 tivemos unha pausa no paso destas borrascas, deixando dous días algo máis estables, secos, con grandes claros e ampla oscilación térmica. Pero as seguintes 3 xornadas, 16, 17 e 18 as baixas presións novamente volveron a achegarse a Galicia traendo novamente estabilidade e deixando polo tanto xornadas de chuvia e vento do suroeste. Ao igual que no período entre o 7 e o 13, as precipitacións foron máis cuantiosas nas comarcas máis atlánticas.

O día 19 tivemos unha entrada das altas presións, deixando una xornada de estabilidade, con grandes claros. Os días 20 e 21 quedabamos en situación intermedia, pero aínda con certa influencia anticiclónica, que se perdeu entre o 22 e o 23 coa chegada de novas borrascas.

Dentro da variabilidade do mes, o día 24 foi de relativa calma e estabilidade, pero xa o 25 pola tarde una nova fronte chegaba a Galicia deixando novamente un episodio de vento e chuvia. O día 26 foi de recuperación anticiclónica e as altas presións mantivéronse os días 27, 28, cun importante incremento das temperaturas máximas.

E novamente o episodio finalizou abruptamente coa chegada o 29 dunha borrasca, que deixou fortes ventos pola tarde, pero escasas precipitacións. Unha situación que se repetiu o 30, neste caso coa borrasca Mathis afectando a Galicia. E o mes remataba o día 31 aínda con restos de inestabilidade e polo tanto con chuvascos irregularmente repartidos.

A frecuente configuración atmosférica de profundas borrascas circulando desde o Atlántico ata o norte de Europa e altas presións en superficie en latitudes máis baixas cas da Península durante o mes de marzo reflíctese nos mapas de anomalías de presión en superficie e de xeopotencial en 500 hPa, onde se pode ver unha forte anomalía negativa desde Os Azores ata Escandinavia.




Figura 3: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de marzo, con respecto ao período de referencia 1991-2020

2.4. Abril

O mes de abril quedou caracterizado pola chegada bastante continua de masas de aire cálido procedentes do sur o que deixou unhas temperaturas en media moi elevadas para este mes, particularmente no caso das máximas no interior. En canto as chuvias, o mes tivo un déficit con respecto ao que sería normal, suavizado pola chegada , a mediados de mes, dun río atmosférico que aportou cantidades apreciables de chuvia. Finalmente, o mes resultou moi cálido e seco.



Así, o día 1 comezamos aínda cunha transición cara a una situación anticiclónica, xa que marzo rematara cun importante temporal de vento. Aínda se rexistraron algunhas precipitacións nas primeiras horas desa xornada. Pero o día 2 as altas presións estableceron o seu dominio, deixando unha xornada de tempo seco e soleado, con ascenso de temperatura.

O día 3 houbo un lixeiro aumento da inestabilidade polo achegamento de aire frío en altura, pero desde o 4 ata o 9 toda a Comunidade quedou baixo a influencia das altas presións, polo tanto con estabilidade. Ademais as altas presións achegaron aire cálido polo que as temperaturas diúrnas foron elevadas para a época do ano, chegando a superarse os 30°C nas tardes do 7 e o 8 en puntos illados do interior.

Na xornada do día 10 unha fronte pouco activa rozaba o norte da Comunidade deixando algunhas chuvias febles no terzo norte. O día 11 a situación quedou dominada polos ventos do suroeste e a elevada humidade, pero sen apenas rexistros de chuvia. Uns rexistros que si tivemos o día 12 cando unha fronte activa deixaba chuvias xeneralizadas. Ademais esta fronte permitiu a entrada de aire frío, polo que a xornada do 13 foi de importante descenso das temperaturas e de chuvascos, en forma de neve por riba dos 1000 metros de altura.

O día 14 a situación quedou dominada aínda pola inestabilidade e as chuvias, pero xa o 15 as altas presión recuperaban o seu dominio, deixando unha xornada de tempo seco. Esas altas presións predominaron ata o día 20, deixando un novo episodio de tempo seco, con elevadas temperaturas.

Unha situación anticiclónica que finalizou bruscamente o día 21 coa chegada de baixas presións atlánticas que deixaron 3 xornadas de chuvia xeneralizada e por momentos de certa intensidade. A partir do día 24 quedamos nun episodio intermedio, coas baixas presións ao norte dos Azores collendo a península Ibérica no límite do seu radio de acción e deixando por tanto algo de inestabilidade en Galicia que se traducía na presenza dalgunhas chuvias ocasionais en puntos do leste e do terzo norte. Todo isto con elevadas temperaturas, particularmente no interior, xa que esas baixas presións tamén impulsaban aire cálido procedente do norte de África.

O episodio remataba na xornada do 29 con algún chuvascos tormentosos durante a tarde. E xa o derradeiro día do mes, de novo o anticiclón deixaba unha tarde solleira, con ascenso das temperaturas.

A configuración de anomalías de presión en superficie amosa unha anomalía moi negativa sobre o Atlántico, ao norte dos Azores, froito da existencia de baixas presións con pouco movemento nesa zona, e positiva no norte de Europa, sobre Escandinavia, onde foron frecuentes os episodios anticiclónicos. En niveis medios, destaca a desviación positiva da

altura xeopotencial de 500 hPa sobre a Península, resultado de dorsais anticiclónicas que ascendían en latitude en busca desas altas presións no norte do continente.




Figura 4: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de abril, con respecto ao período de referencia 1991-2020

2.5. Maio

O mes de maio de 2023 rexistrou, en xeral, temperaturas superiores ao agardado, xa que, agás na primeira semana, non chegaron apenas masas de aire frío en superficie. Pola contra, predominaron os anticiclóns e a estabilidade, o que levou ás temperaturas, tanto mínimas como máximas, a acadar valores superiores aos normais para este mes. No caso das precipitacións, estas foron moi irregulares, asociadas principalmente a fenómenos tormentosos, polo que vemos zonas con máis chuvia da normal, pero a meirande parte de Galicia rexistrou un déficit de precipitación. Este mes resultou moi cálido e moi seco.

Así, os primeiros dous días do mes foron anticiclónicos, coas altas presións achegando aire cálido e acadándose polo tanto elevadas temperaturas. Pero unha borrasca bastante profunda achegábase o día 3 ocasionando un aumento das nubes e chuvias xeneralizadas a partir do mediodía. A influencia das baixas presións atlánticas prolongouse nas tres seguintes xornadas. Foron días de ceo nubrado, temperaturas suaves con escasa oscilación térmica e chuvias, concentradas principalmente en Pontevedra e no sur da Coruña.

Os días 7 e 8, unha cuña anticiclónica aportou novamente estabilidade, deixando dúas xornadas de tempo seco con ascenso de temperatura. As xornadas entre o 9 e o 13 Galicia quedaba en situación intermedia entre as altas presións dos Azores e as baixas que se localizaban ao oeste de Irlanda. Esta situación non deixou apenas precipitacións pero si propiciou a chegada dunha masa de aire atlántica fría que deixou o único período do mes con valores por debaixo dos agardados.

Entre o 14 e o 19, a situación viña determinada pola presenza do anticiclón no Atlántico, pero tamén moito aire frío no continente europeo, o que conformaba un corredor de isóbaras perfecto para a chegada do nordés. Foron xornadas de moito contraste, co norte de Galicia máis nubrado e frío e o sur máis despexado e con maiores temperaturas.

Esta situación mantívose aínda ata o 22, pero xa nas tardes do 20 e do propio 22 a presenza de aire frío en capas medias e altas da atmosfera propiciaba a aparición de fenómenos tormentosos illados en puntos do interior.

A partir do 23, o nordés mantívose soamente no litoral da Coruña e a presenza de restos de aire frío procedentes do sueste da península Ibérica deixaba fenómenos tormentosos no interior. Estes fenómenos fixéronse máis frecuentes e xeneralizados a partir do 26.

Entre o 26 e o 31 a situación quedou determinada pola presenza das altas presións ao norte da península Ibérica achegando aire frío en altura e unha baixa localizada no atlántico entre os Azores e Portugal, que introducía aire frío en altura e propiciaba a formación de fenómenos tormentosos que foron frecuentes nesas derradeiros días do mes 31.

A configuración de anomalías de presión en superficie mostra unha forte anomalía positiva localizada en latitudes altas, entre as Illas Británicas e o Mar báltico, e outra negativa ocupando o Mediterráneo Central, tamén destacables no xeopotencial para a presión de 500 hPa. Esta configuración de altas presións fortes ou persistentes nesas latitudes modificou o percorrido habitual dos centros de baixas presións, que estiveron a moverse en latitudes moito máis setentrionais e non conseguiron achegarse á Comunidade Galega (véxase á forte anomalía negativa da presión a nivel medio do mar ao norte de Islandia). Porén, o predominio das altas presións en superficie sobre Galicia foi frecuente e os períodos de inestabilidade foron ocasionados por embolsamentos de aire frío e situacións indefinidas en altura sobre a península Ibérica.




Figura 5: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de maio, con respecto ao período de referencia 1991-2020



2.6. Xuño

O mes de xuño resultou moi cálido pero ao mesmo tempo tamén moi húmido. Esta segunda circunstancia explícase polas numerosas situacións tormentosas vividas ao longo do mes, sumado á borrasca Óscar, que deixou un par de días de chuvia xeneralizada e por momentos de bastante intensidade, o que inclinou a balanza claramente do lado dun exceso de chuvia para un mes de xuño. En canto ás temperaturas, mesmo neses períodos de chuvia non foron baixas e na segunda quincena do mes viviuse un importante episodio de calor.

Así, os 5 primeiros días foron moi semellantes, con mañás tranquilas e tardes tormentosas, sempre con temperaturas normais ou altas para a época do ano. Pero na xornada do 6 comezamos a notar a presenza da borrasca Óscar. Esta borrasca localizábase nunha latitude máis ao sur que a de Galicia, polo que arrastraba aire cálido que provocaba un importante incremento das temperaturas nesa xornada.

Xa o día 7 unha fronte fría atravesaba toda Galicia durante a mañá, deixando cantidades de chuvia significativas e un importante descenso nas temperaturas. Esas chuvias asociadas á borrasca Óscar continuaron aínda nas xornadas do 8 e o 9, aínda que dun xeito máis convectivo.

Nos seguintes días, entre o 10 e o 13, quedou aínda unha zona de aire frío en altura, de xeito que a inestabilidade foi de novo protagonista, con chuvascos, menos xeneralizados e máis ocasionais que en días anteriores, pero aínda localmente intensos, con puntos nos que se rexistrou aparato eléctrico, destacando a tarde do día 12 con máis de 4.000 raios rexistrados.

Xa na xornada do 14 unha cuña anticiclónica achegou estabilidade, que nos seguintes 3 días deixaba ceos despexados e temperaturas en ascenso.

Pero o 17 pola tarde un centro de baixas presións comezou a achegarse deixando aumento da nebulosidade e chuvias que continuarían na madrugada do 18. O día 19 rexistramos o paso dunha fronte bastante activa asociada a ese centro de baixas presións, con chuvias xeneralizadas. Esta baixa aínda tivo algún efecto o día 20, con chuvias xa moi irregulares. O 21 foi o clásico día de tormenta, cunha mañá tranquila de ceo aberto e unha tarde con nubes de evolución diúrna e trebóns illados.

Entre o 22 e o 28, Galicia quedou na influencia das altas presións, polo que a situación meteorolóxica quedou determinada pola estabilidade, que deixaba xornadas moi solleiras. Ademais o anticiclón achegou aire cálido, polo que as temperaturas foron elevadas, particularmente na tarde do 24 cando moitos lugares superaron os 35°C.

Esta situación quebrouse momentaneamente o día 29 coa chegada de aire máis frío dende o Atlántico, que trouxo, ademais, algunhas nubes e chuvias febles á metade norte. Pero no derradeiro día do mes, de novo, as altas presións dominaron e os ceos volveron a quedar despexados.

A configuración de anomalías de presión, tanto en superficie como en altura, mostra unha anomalía moi negativa sobre o Atlántico, no contorno dos Azores, froito da desaparición do anticiclón, que se desprazou cara o norte do Continente e foi substituído por unha extensa áreas de baixas presións, o que explica o elevado número de días con inestabilidade atmosférica que afectou este mes a Galicia.




Figura 6: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de xuño, con respecto ao período de referencia 1991-2020

2.7. Xullo

As situacións meteorolóxicas ao longo do mes de xullo quedaron caracterizadas pola presenza dunha zona de aire frío en capas medias e altas da atmosfera no Atlántico norte que impediu que o anticiclón se movese cara ao norte, deixando a Galicia en zonas intermedias, con máis predominio anticiclónico, pero con achegamentos frecuentes de fronte atlánticas febles e sen achegamentos de masas de aire norteafricanas. Isto configurou un mes no que os valores de temperatura estiveron, en xeral, próximos á media climática e os da precipitación por baixo do agardado en moitas zonas de Galicia, especialmente da metade leste. Deste xeito, xuño foi un mes normal na temperatura e seco. Así, durante os primeiros 3 días do mes, as situacións foron anticiclónicas, aínda que co anticiclón localizado no Atlántico, ao noroeste de Galicia, o que deixaba máis horas de sol e máis temperatura canto máis ao sur.

Nos seguintes 3 días, a situación non cambiou substancialmente, aínda que o anticiclón se movera cara o sur e polo tanto os ventos entraran algo máis do oeste, deixando un aumento



das nubes e un descenso nas temperaturas no sur da Coruña e na provincia de Pontevedra ademais do terzo norte.

A xornada do 7 comezaba aínda con sol e altas temperaturas, pero, a medida que foi entrando a tarde, unha fronte comezou a achegarse a Galicia, con aumento progresivo do vento do sur e das nubes. As chuvias tiveron lugar nas últimas horas do venres e na madrugada do sábado 8. Nas horas diúrnas do sábado, Galicia quedou na zona de chuvascos, co ceo parcialmente nubrado, algunha chuva illada e temperaturas algo por debaixo do habitual neste mes.

O día 9 foi de transición, cunha tarde de sol e ascenso de temperatura, unha situación que se consolidou o día 10, con sol e temperaturas altas por toda Galicia. Pero a situación mudou novamente o día 11 co achegamento dun sistema frontal que deixou aumento das nubes e un descenso das temperaturas. A fronte pasou na madrugada do día 12 deixando unhas primeiras horas de nubes e chuva feble nesta xornada. Pero as altas presións volveron durante a tarde e dominaron de novo o día 13, con sol e calor.

A seguinte fronte chegaba a Galicia na xornada do 14 afectando principalmente á metade oeste e a súa influencia estendíase, tamén, ao día 15 con chuvias intermitentes.

O seguinte período anticiclónico chegaba o 16, quedando dúas xornadas, 16 e 17, de ceo despexado e aumento das temperaturas. Durante o período entre o 18 e o 22, Galicia quedaba en situacións intermedias, con mañás algo nubradas na metade norte, pero tardes solleiras en xeral.

Xa o 23, de novo as baixas presións achegábanse a Galicia deixando de novo nebulosidade e algunhas chuvias febles na metade oeste, situación que se estendía á mañá do 24.

Os días 25, 26 e 27 foron anticiclónicos, con temperaturas particularmente elevadas o 26, pero, dentro da oscilación na que estivemos ao longo do mes, o 28 tocaban de novo baixas presións que trouxeron chuvias febles. Logo dun día 29 de transición, o mes remataba nos derradeiros dous días con situacións estables de sol e ascenso de temperatura.

En canto á configuración de anomalía de xeopotencial en 500 hPa, pódese ver unha anomalía negativa no norte de Europa, máis acusada entre as Illas Británicas e o Mar Báltico, unha zona de aire máis frío do habitual que foi a causante de xerar e alimentar borrascas nesas latitudes. Do mesmo xeito, na configuración de anomalía de presión en superficie, podemos ver unha forte anomalía negativa nesa zona, o que significa que, durante o mes de xullo, as borrascas circulaban ao norte da península Ibérica, pero non moi afastadas dela, o que, xunto coas altas presións que predominaron no área mediterránea, fixo que prevaleceran os ventos de compoñente oeste e, de cando en vez, tivéramos o paso dalgunha fronte atlántica.




Figura 7: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de xullo, con respecto ao período de referencia 1991-2020

2.8. Agosto

O mes de agosto quedou caracterizado pola variabilidade meteorolóxica, pero cun predominio das situacións anticiclónicas, dúas delas con chegada de aire cálido. Isto fai que en media as temperaturas sexan máis elevadas que as medias climatolóxicas de agosto, resultando un mes moi cálido. En canto ás precipitacións, algúns lugares estiveron preto ou por riba dos valores climáticos, pero tamén tivemos comarcas no interior ou no litoral norte onde os acumulados quedan por debaixo do que cabería agardar. En definitiva, o mes considérase normal.

Así, nos primeiros días 3 do mes, a borrasca Patricia, localizada ao oeste de Irlanda, deixaba xornadas de baixa temperatura e precipitacións, máis concentradas no litoral.

O día 4 foi de transición, xa sen apenas chuvias e con apertura de claros e a partir do día 5 entramos na influencia do anticiclón. Estas altas presións foron movéndose cara ao norte da península Ibérica, polo que arrastraron unha masa de aire cálido de orixe norteafricana que ocasionou un episodio de calor importante entre as xornadas do 7 e o 9, con valores que, no interior, superaron os 40 °C.

Entre as xornadas do 10 e o 17, as situacións foron máis ben intermedias, coas altas presións algo retiradas cara ao sur e unha borrasca bastante ampla no Atlántico norte. A consecuencia foi o aumento na nebulosidade, principalmente no litoral, e o descenso das temperaturas, que quedaron en valores propios da época do ano.

As xornadas do 18 e 19 quedaron marcadas pola chegada dunha fronte fría que na tarde do 18 deixaba chuvia en Pontevedra e no sur da Coruña e ventos fortes do sur no litoral e zonas altas do interior. A fronte desprazábase ao sur de Pontevedra e ás provincias de Lugo e Ourense na xornada do 19.

O día 20 chegaban de novo as altas presións, que, o día 21, remontaban cara ao norte da Península ibérica. Esta posición fixo que de novo chegase aire cálido procedente do norte de África, o que propiciou o segundo episodio de calor do mes, que afectou a máis zonas e durante máis días que o dos días 7 a 9. Neste caso toda Galicia sufriu elevadas temperaturas entre o 21 e o 24, aínda que o 24, a zona de calor quedaba restrinxida ao leste.

O 25, produciuse un cambio brusco, xa que o aire africano foi substituído por aire frío procedente do Atlántico norte. Así, entre os días 25 e 29, tivemos xornadas con baixas temperaturas en xeral e nubes, máis compactas no norte, onde deixaron algunha precipitación feble.

O día 30 foi de transición, coas altas presións movéndose de novo cara Galicia, polo que rematamos o mes con anticiclón, sol e temperatura en ascenso.

No mapa de anomalía de presión en superficie, vemos cómo, en zonas do norte de Europa, no corredor entre as Illas Británicas e o Mar Báltico, houbo desviacións negativas de presión, o que indica predominio das baixas presións. Doutra banda, no resto do Continente, non houbo situacións meteorolóxicas que produciran anomalías na distribución da presión en superficie. No mapa de anomalía de xeopotencial en 500 hPa, reflíctese, tamén, a anomalía negativa na zona do Mar do Norte. Sen embargo, neste caso si que vemos unha anomalía positiva sobre a vertical da península Ibérica, máis acusada no flanco oeste. Isto sinala o ascenso, aínda que ocasional, dunha forte dorsal norteafricana, responsable dos episodios de calor que tivemos durante o mes de agosto.




Figura 8: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de agosto, con respecto ao período de referencia 1991-2020



2.9. Setembro

O mes de setembro quedou caracterizado pola frecuente chegada de zonas de aire frío en altura, puntuadas con períodos anticiclónicos cálidos. Isto explica que, en global, o mes fose húmido, aínda que tamén temos zonas menos afectadas polos fenómenos tormentosos nas que a chuvia foi algo máis escasa. Os períodos anticiclónicos cálidos levaron as temperaturas a valores máis elevados do normal en setembro, resultando un mes moi cálido.

Así, xa no primeiro día do mes, vivimos baixo a influencia dunha baixa, cunha fronte asociada que pola tarde deixaba algunhas precipitacións. A borrasca desapareceu en superficie o día 2 pero quedou unha zona illada de aire frío en altura que ocasionou nos seguintes 4 días a aparición de chuvascos de carácter tormentoso, máis frecuentes e intensos na xornada do día 2 no interior da Comunidade.

A partir do 5, unha nova baixa formouse ao oeste da península Ibérica. Nas primeiras 48 horas quedamos no límite do seu radio de acción, polo que as precipitacións soamente sucederon de xeito illado e ocasional e a chegada de aire cálido propiciou xornadas cálidas, con sensación de bochorno.

Entre os días 8 e 9, esa baixa desprendida achegouse a Galicia aumentando o grao de inestabilidade, polo que os chuvascos na tarde-noite do día 8 e ao longo da xornada do día 9 foron localmente moi intensos e viñeron acompañados de sarabia e aparato eléctrico. A situación de inestabilidade continuou os días 10 e 11, aínda que con menor intensidade, polo que os chuvascos non foron tan xeneralizados nin intensos.

Entre os días 12 e 14, as altas presións volveron dominar a situación deixando tempo seco, soleado e con temperaturas elevadas para a época do ano.

Pero de novo una baixa desprendida foise achegando o día 15, incrementando a inestabilidade e deixando chuvias que na tarde do 15 quedaron concentradas na metade leste, sendo máis xeneralizadas os días 16 e 17.

A xornada do 18 foi de transición, aínda con algunhas chuvias durante a primeira metade do día que tenderon a desaparecer pola tarde para quedar o 19 un día de estabilidade, con tempo seco.

Unha estabilidade moi transitoria, xa que o día 20 se foi achegando una fronte bastante activa que durante a noite do 20 e a madrugada do 21 deixaba precipitacións persistentes, xeneralizadas en toda Galicia e de intensidade moderada. Xa nas horas diúrnas do 21 e na primeira metade do 22 quedamos na zona de chuvascos, con tempo cambiante e algunhas precipitacións puntuais irregularmente repartidas.

No período entre o 23 e o 26, as altas presións achegaron novamente estabilidade, polo que os ceos despexados e as altas temperaturas pola tarde foron as características principais deses días.

As baixas presións achegáronse novamente os días 27 e 28 afectando á metade oeste con aumento das nubes e mesmo algunhas chuvias febles.

E xa nos derradeiros dous días do mes, una masa de aire cálido procedente do norte de África instalouse sobre Galicia, deixando tempo seco e temperaturas moi elevadas para a época do ano.

No mapa de anomalía da altura xeopotencial en 500 hPa, adviñase unha zona no Atlántico, entre Islandia e o arquipélago dos Azores, onde a presión de 500 hPa se acadou a unha altitude máis baixa do habitual, o que se entende como unha zona de aire máis frío do normal. Esta zona está alongada de norte a sur e representaría unha valgada máis persistente do habitual. Pola contra, no Continente Europeo, especialmente en Europa do Leste, as anomalías son positivas e máis significativas. Isto demostra unha maior frecuencia de dorsais anticiclónicas nesa área. Ao nivel da superficie, a anomalía negativa sobre o Atlántico é moi importante, o que se puido deber ao frecuente formación de borrascas nesa zona o a unha maior profundización dos centros de baixas presións, alimentados polo aire frío en altura. Esa anomalía afecta sobre todo ao noroeste peninsular, o que explica a reiterada chegada de fronte atlánticas e o predominio dos ventos do sur e suroeste, situacións que deixaron precipitacións na Comunidade.




Figura 9: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de setembro, con respecto ao período de referencia 1991-2020



2.10. Outubro

O mes de outubro tivo dúas parte claramente diferenciadas. Ata o día 12, as altas presións deixaron estabilidade e achegaron aire cálido, pero dende o día 13 ata o final do mes, a presenza de borrascas activas pasou a ser a característica principal. Eses días de chuvia acumularon cantidades moi superiores ás que se poderían considerar normais en outubro, polo que se considera un mes moi húmido. Pero, pola contra, as elevadas temperaturas dos primeiros 12 días non foron compensadas, polo que os valores medios están moi por riba do agardado, resultando un mes extremadamente cálido.

Así, como vimos de explicar, entre os días 1 e 12 non houbo cambios moi salientables na situación meteorolóxica, coas altas presións localizadas ao norte da península Ibérica achegando aire cálido procedente do norte de África e moita estabilidade. A única excepción sucedeu entre a tarde do día 2 e a mañá do día 3, cando unha fronte conseguiu chegar a Galicia e deixar aumento das nubes, descenso das temperaturas e mesmo algunhas chuvias febles no terzo norte. En canto ao resto do período, destacamos o propio día 1 e tamén o período entre o 7 e o 10, cando as temperaturas máximas superaron os 30°C de xeito moi xeneralizado.

Esta situación de anticiclón cambiou bruscamente o día 13 coa chegada dunha primeira borrasca activa que deixaba unha caída importante nas temperaturas e chuvias xeneralizadas en toda Galicia.

O día 14, quedabamos nunha área de novo anticiclónica, sen apenas chuvia e cun ascenso de temperatura no interior da Comunidade. Pero foi unha recuperación anticiclónica moi transitoria, xa que o 15 unha nova fronte atravesaba toda Galicia, deixando un novo episodio de chuvias xeneralizadas.

Dende esa data e ata o final do mes, fomos rexistrando o paso de borrascas de xeito sucesivo. Así, entre os días 16 e 17, afectábanos a borrasca Babet, deixando fortes ventos e chuvias intensas. O día 18 tivemos o paso dunha liña de inestabilidade moi activa que deixou un episodio de chuvias de curta duración pero de moita intensidade, provocando acumulados nunha hora de máis de 15 l/m² nunha hora. E sen tempo de recuperación, o día 19 a borrasca Aline deixaba a segunda xornada máis chuviosa de todo o mes.

Durante o día 20, a situación foise tranquilizando en terra, pero no mar tivemos aviso vermello por ondas. Os días 21, 22 e 23 a situación foi bastante tranquila, con chuvias e vento, pero en xeral sen superar limiares perigosos, xa que a borrasca Bernard apenas nos afectou.

Pero os días 24, 25 e 26, rexistramos o paso sucesivo de distintos sistemas frontais. O máis salientable sucedía a tarde-noite do 25 e a primeira metade do 26, xa que ademais dunha fronte activa tivemos un río atmosférico que daba un aporte extra de humidade.

O seguinte evento de chuvia persistente sucedeu o longo do día 28, con precipitacións intensas e persistentes acompañadas de fortes ventos debidos á presenza da borrasca Celine. Os días 29 e 30 quedaron caracterizados polos chuvascos e o 31 foi unha xornada algo máis tranquila, aínda que tamén se rexistraron precipitacións illadas e ocasionais.

No mapa de anomalía da altura xeopotencial en 500 hPa, adivíñase unha gran área que se estende desde o norte dos Azores ata o Mar Báltico onde a presión de 500 hPa se acadou a unha altitude moito máis baixa do habitual, o que se entende como unha zona de aire máis frío do normal. Esta zona está alongada de oeste a leste e representaría unha valgada o unha depresión en altura máis persistente do habitual. Pola contra, no Mediterráneo Central, as anomalías son positivas, aínda que non tan significativas. Isto demostra unha maior frecuencia de dorsais anticiclónicas nesa área. o Mapa ao nivel da superficie, a anomalía negativa é, tamén, moi importante e coincide a grandes trazos coa anomalía en altura. Isto explica a frecuente aparición de borrascas que percorrían o Atlántico en dirección ao Continente europeo. Esa anomalía afecta sobre todo a metade norte peninsular e, especialmente, o cuadrante noroeste, o que aclara a reiterada chegada de borrascas e frentes atlánticas e o predominio dos ventos do oeste e suroeste, situacións que deixaron abondosas precipitacións na Comunidade.




Figura 10: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de outubro, con respecto ao período de referencia 1991-2020



2.11. Novembro

O mes de novembro foi un mes moi húmido e moi cálido en comparación cos valores climatolóxicos. A cantidade de precipitación acumulada estivo moi por riba do agardado, principalmente debido ás chuvias rexistradas na primeira quincena do mes. Pola súa banda, as temperaturas tamén marcaron valores medios máis elevados dos que cabería agardar, xa que as chuvias da primeira quincena producíronse na súa meirande parte con ventos do sur e, posteriormente, chegaron altas presións con masas de aire cálido que mantiñan os termómetros en valores por riba do habitual en novembro.

Así, o primeiro día do mes comezaba con Galicia na influencia da borrasca Ciaran, que deixaba chuvias intensas e un importante temporal de ventos por toda a Comunidade. O día 2 foi de chuvascos, pero, de novo, o día 3, rexistrábanse chuvias xeneralizadas.

A seguinte borrasca con nome propio afectounos o día 4. Foi a borrasca Domingos, que deixaba un novo temporal de vento e chuvia e tamén un estado da mar moi alterado. Esta borrasca arrastraba aire frío procedente do Atlántico, polo que as seguintes dúas xornadas quedaban caracterizadas polos chuvascos, ocasionalmente con sarabia e de neve en cotas por riba dos 1000 metros.

O día 7 foi relativamente tranquilo, pero o día 8, un río atmosférico deixaba importantes cantidades de chuvia nas comarcas atlánticas galegas. Dentro desta sucesión de borrascas, de novo o día 9 foi de transición, con chuvascos irregularmente repartidos, para quedar o 10 outra vez baixo a influencia das baixas presións, con chuvias persistentes na segunda metade do día.

Os días 11 e 12, experimentamos situacións intermedias, para ver novamente o 13 unha borrasca activa, cun río atmosférico que deixaba cantidades superiores aos 100 mm de chuvia en puntos da provincia da Coruña, mentres que en zonas de Ourense e Lugo apenas se rexistraban chuvias.

Nos días, 14, 15 e 16, frontes activas seguiron afectando a Galicia de xeito intermitente, por momentos con bastante actividade. E foi xa durante a propia xornada do 16 co avance do día cando as altas presións retornaron a Galicia e deixaron un episodio de 10 días de certa estabilidade meteorolóxica, aínda que as chuvias non desapareceron completamente e de xeito ocasional afectaron a puntos do litoral atlántico e da metade norte.

As baixas presións volvían nas últimas horas do día 25 e deixaban unha derradeira semana con ventos do suroeste, moita humidade, escasa oscilación térmica e chuvia, que se concentraba principalmente na xornada do 29 e nas primeiras horas do día 30.

No mapa de anomalía da altura xeopotencial en 500 hPa, adivíñase unha gran área que se estende desde o Atlántico ata Europa oriental onde a presión de 500 hPa se acadou a unha altitude moito máis baixa do habitual, en especial nos arredores do Mar Báltico, o que se entende como unha zona de aire máis frío do normal. Esta zona está alongada de oeste a leste e representaría unha valgada o unha depresión en altura máis persistente do habitual. Pola contra, no sur da Península, as anomalías son positivas, o que demostra unha maior frecuencia de dorsais anticiclónicas nesa área. No mapa ao nivel da superficie, a anomalía negativa sobre parte do Atlántico e, especialmente, sobre Europa do Leste é, tamén, moi importante e coincide a grandes trazos coa anomalía en altura. Isto explica a frecuente aparición de borrascas que percorrían o Atlántico en dirección ao Continente europeo. Esa anomalía afecta sobre todo ao terzo norte peninsular, o que aclara a reiterada chegada de borrascas e frentes atlánticas e o predominio dos ventos do oeste e suroeste, situacións que deixaron abundosas precipitacións na Comunidade.




Figura 11: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de novembro, con respecto ao período de referencia 1991-2020

2.12. Decembro

O ano rematou cun mes de decembro que non presenta anomalías moi significativas, principalmente no referente á temperatura media e precipitación. Isto débese a que o mes tivo unha primeira quincena con precipitacións importantes, en especial na fachada atlántica, e temperaturas altas, mentres que na segunda metade as chuvias foron máis escasas, pero a cambio as situación anticiclónicas deixaron xornadas de frío intenso polas noites nos vales do interior. O mes considérase, así, cálido pero normal na precipitación.

Así, o primeiro día do mes comezaba cunha situación de transición, coas baixas presións sendo substituídas polo anticiclón. Foi unha xornada de chuvascos algo máis frecuentes na metade norte.



A xornada do 2 quedaba marcada pola estabilidade anticiclónica, con tempo polo tanto seco, pero xa o día 3 unha nova borrasca activa deixaba un temporal de vento e chuvia pola tarde e a noite, quedando o día 4 na influencia dos chuvascos post-frontais.

A secuencia continuaba os días 5 e 6 cun tempo anticiclónico, aínda que na tarde do día 6 comezaba a soprar o vento do sur e xa pola noite comezaban de novo as chuvias. Unhas precipitacións que tiveron continuidade o día 7 durante a primeira metade da xornada. Estas situacións de baixas presións chegaron con ventos do sur e polo tanto cun importante ascenso de temperatura.

As chuvias volvían a cobrar protagonismo o día 8 pola tarde. Nas xornadas do 9, 10 e 11 as baixas presións collían a Galicia no límite do seu radio de acción, polo que as chuvias non eran intensas e quedaban concentradas no cuadrante suroeste, sendo o máis salientable as elevadas temperaturas, principalmente durante as madrugadas.

O día 12, unha fronte deixaba chuvia algo máis intensa e sobre todo máis xeneralizada que a de xornadas anteriores, quedando o 13 de novo na zona de chuvascos, con descenso de temperatura e chuvias irregularmente repartidas.

O día 14 foi unha xornada de transición na que as altas presións comezaron a instalarse sobre a nosa Comunidade. E nos 4 días seguintes un potente anticiclón deixaba tempo seco. Nas temperaturas, o máis salientable era a inversión térmica, xa que, mentres que nas zonas de val no interior as xeadas eran importantes, nas zonas máis altas os termómetros apenas conseguían baixar dos 10 °C durante as madrugadas.

O día 19 tivemos a aproximación dunha pequena borrasca, con algunhas chuvias durante a tarde que nalgúns lugares se estenderon tamén á madrugada do 20. Pero de novo nesa xornada do 20 un potente anticiclón deixaba no intervalo entre o 21 e o 26 unha situación anticiclónica con estabilidade e polo tanto forte inversión térmica.

De novo o 27, recibimos a vista dunha borrasca bastante profunda, nomeada como Gerrit polo servizo meteorolóxico inglés, que deixaba pola mañá do 27 vento intenso de compoñente sur e durante a tarde dese 27 e na xornada do 28 chuvias bastante xeneralizadas e por momentos bastante intensas.

O día 29 a situación foi intermedia, sen vento con temperatura suave e moi escasas precipitacións e rematamos o mes co paso dunha fronte bastante activa entre a noite do 30 e a madrugada do 31 asociado á borrasca Geraldine.

A configuración das anomalías de xeopotencial en 500 hPa presenta unha gran área sobre a península Ibérica cunha forte anomalía positiva, froito dunha maior frecuencia ou unha maior potencia das dorsais anticiclónicas. Porén, estas afectaron a Galicia dun xeito máis tanxencial

e transitorio e fixérono entre mediados e finais de mes. Na configuración sinóptica das anomalías de presión en superficie, a anomalía positiva sobre a península Ibérica non é tan intensa. Ademais, esa anomalía positiva esta causada pola gran potencia dos anticiclóns que nos afectaron entre mediados e finais de mes, que consegue contrarrestar a frecuencia coa que as baixas presións nos visitaron durante a primeira quincena. Xunto coa anomalía negativa que se estende desde as Illas Británicas ata Europa do Leste, podemos ver o predominio dos ventos de compoñente oeste causados polo paso de borrascas que, en moitos casos, se moveron moi preto de Galicia.




Figura 12: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de decembro, con respecto ao período de referencia 1991-2020

3 DESCRICIÓN DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2023 EN GALICIA

3.1. Temperatura

Neste documento vanse tomar os criterios da **Táboa 1** para asignar unha categoría aos distintos meses segundo a temperatura. Emprégase para isto os percentiles obtidos da serie rexional no período 1981-2010. Este mesmo criterio é o que ven sendo considerado nos distintos informes climatolóxicos mensuais ao longo do ano 2023.

Temperatura	
Categoría	Percentil
extremadamente frío	$T < \text{mínimo en 1981-2010}$
moi frío	$\text{mínimo en 1981-2010} \leq T < 20\%$
frío	$20\% \leq T < 40\%$
normal	$40\% \leq T \leq 60\%$
cálido	$60\% < T \leq 80\%$
moi cálido	$80\% < T \leq \text{máximo en 1981-2010}$
extremadamente cálido	$T > \text{máximo en 1981-2010}$

Táboa 1: Categorización en función dos percentiles de temperatura da serie 1981-2010

En **xaneiro**, a temperatura media non estivo moi afastada da media climática. O mes arrancara con valores elevados para a época do ano, pero estas anomalías positivas quedaron canceladas pola situación de frío, especialmente nos valores mínimos dos derradeiros 10 días do mes. Así, o valor medio en 2023 das once estacións que compoñen a serie rexional foi 8.2 °C. A anomalía media da temperatura foi de +0.1°C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como **normal**. A temperatura mínima estivo 0.3 °C por riba do valor climático, mentres que a temperatura máxima non presenta anomalías destacables, resultando un mes normal para cada unha delas. O precedente máis cálido foi o ano 2023.

En **febreiro**, a temperatura media tamén estivo dentro do rango de valores normais, pero isto é o resultado dunhas mínimas baixas, con frecuentes aparicións de xeadas e unha máximas elevadas, principalmente pola presenza de masas de aire cálido a mediados do mes. O valor medio en 2023 para a serie rexional foi 8.7 °C. A anomalía media da temperatura foi de -0.1 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como **normal**. Isto débese a que a anomalía negativa de temperaturas mínimas, (-1.7 °C, moi frío) foi contrarrestada pola anomalía positiva das temperaturas máximas, (+1.5 °C, moi cálido). Co precedente máis frío no ano 2018, interrompeuse, así, un período de 4 anos con desviacións positivas significativas.



Nun mes tan cambiante como **marzo**, as temperaturas estiveron por riba dos valores normais, xa que o mes comezou moi frío, pero as situacións anticiclónicas posteriores deixaron rexistros de temperatura elevados. A temperatura media en 2023 para a serie rexional foi 12.0 °C. A anomalía media da temperatura foi de +1.2 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como **moi cálido**. Tendo en conta a temperatura mínima, marzo é tamén moi cálido, cunha desviación respecto aos valores climáticos de +1.8 °C, mentres que para a máxima, cunha desviación moito máis baixa de +0.5 °C, resulta un mes cálido. O precedente máis cálido data do ano 2012.

En **abril**, as temperaturas foron elevadas debido á frecuente chegada de masas de aire cálido procedente do sur. A anomalía positiva foi máis acusada nos valores máximos e particularmente notable en puntos do interior. No caso das mínimas a diferenza non foi tan salientable no interior xa que os días anticiclónicos de abril con ceo despexado ocasionaron aínda descensos significativos. O valor medio en 2023 para a serie rexional foi 14.2 °C, moi superior a media climática de 11.9 °C. A anomalía media da temperatura para este mes de abril foi de +2.4 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como **moi cálido**. As temperaturas mínimas e máximas tamén foron máis altas do agardado. Así, cunha desviación positiva de +1.2 °C e +3.6 °C, respectivamente, considérase un mes moi cálido. O precedente máis cálido remóntase a abril do ano 2011.

No mes de **maio**, as temperaturas amosan unha anomalía positiva de xeito bastante xeneralizado, tanto nos valores mínimos como nos máximos. Isto é así debido a que, agás nun breve período a mediados do mes, apenas tivemos chegadas de aire frío en capas baixas. Pola contra predominaron os anticiclóns que atraían aire cálido do sur. O valor medio da temperatura en 2023 foi 16.4 °C. A anomalía media da temperatura para este mes de maio en Galicia foi de +2.0 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como **moi cálido**. Se atendemos ás desviacións das temperaturas mínimas (+1.6 °C) e máximas +(2.5 °C), o mes pódese considerar, tamén, moi cálido. O precedente máis cálido é o ano anterior, 2023.

En **xuño**, a temperatura media estivo en valores moi por riba dos agardados, tanto si temos en conta os valores mínimos como os máximos. Isto foi así porque, mesmo nos períodos de baixas presións a mediados do mes, as masas de aire en superficie eran cálidas. O episodio de calor vivido entre o 22 e o 28 consolidou esta tendencia cara a un mes **cálido**. O valor medio en 2023 para a serie rexional foi 19.8 °C. A anomalía media da temperatura para este mes de xuño en Galicia foi de +2.1 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de



Galicia como moi cálido. Tendo en conta as desviacións da temperatura mínima (+2.4 °C) e máxima (+1.8 °C), o mes resulta extremadamente cálido e moi cálido, respectivamente. O precedente máis cálido atopámolo en 2005.

En **xullo**, a temperatura, en media, estivo moi próxima á normal, xa que, aínda que predominaron as situacións anticiclónicas, éstas non puideron achegar masas de aire moi cálido e, ademais, o predominio anticiclónico viuse interrompido con frecuencia pola chegada de baixas atlánticas. O valor medio en 2023 foi 19.9 °C. A anomalía media da temperatura foi de +0.2 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como **normal**. A media das temperaturas mínima e máxima desviouse, tamén, +0.2 °C, polo que o mes se considera normal. O precedente máis cálido atopámolo no ano 2023, que foi o xullo máis caloroso da serie histórica.

No mes de **agosto**, a temperatura media estivo en valores por riba dos agardados, tanto si temos en conta os valores mínimos como os máximos. Isto foi así porque, aínda que tivemos dous períodos fríos a principios e finais do mes, no medio tivemos moitos días de normalidade e dous importantes episodios de calor que compensaron aos de frío. O valor medio en 2023 foi 21.5 °C. A anomalía media da temperatura para este mes de agosto foi de +1.5 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como **moi cálido**. Para as temperaturas mínima e máxima, cunha anomalía de +1.5 °C e +1.6 °C, respectivamente, o mes é tamén moi cálido. O precedente máis cálido atopámolo o pasado ano 2023.

En **setembro**, a temperatura media marcou valores elevados con respecto á media. Esta anomalía notouse máis nos valores das madrugadas xa que, agás na penúltima semana, apenas tivemos noites frías. As máximas foron tamén elevadas, pero quedaron máis preto dos valores normais en puntos de Pontevedra e sur da Coruña, xa que houbo moitas xornadas con ventos do suroeste que achegaban nebulosidade impedindo ascensos significativos das máximas. O valor medio en 2023, obtido a partir da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional, foi 19.4 °C. O valor medio da anomalía de temperatura media foi de +1.3 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como **moi cálido**. Para a temperatura mínima, cunha desviación positiva de 1.8 °C, o mes resulta moi cálido e para a temperatura máxima, cunha anomalía de 0.8 °C por riba do valor agardado, o mes resulta cálido. O precedente máis cálido foi o ano 2018.

A temperatura media acadou, en **outubro**, valores elevados, tanto se atendemos ás máximas como ás mínimas. Isto é debido aos elevados valores acadados nos primeiros 12 días do mes



que non puideron ser compensados na segunda quincena, xa que as borrascas chegaron na súa meirande parte con ventos do suroeste e por tanto temperaturas suaves. O valor medio en 2023 para a serie rexional foi 17.2 °C. A anomalía media da temperatura foi de +2.7 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como **extremadamente cálido**. Para a temperatura mínima, cunha anomalía de +2.8 °C, o mes considérase extremadamente cálido e para a máxima, cunha anomalía de +2.7°C, o mes considérase moi cálido. Este mes de outubro de 2023 é o segundo máis cálido de toda a serie, superado, unicamente, polo ano 2014.

En **novembro**, a temperatura medio acadou valores elevados con respecto á media climática. Isto sucedeu porque a meirande parte das situación de chuvia producíanse con ventos do suroeste e o episodio anticiclónico da segunda metade do mes chegaba con aire bastante cálido para a época do ano. O valor en 2023 foi 12.6 °C. A anomalía media da temperatura para foi de +1.8 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como **moi cálido**. Novembro de 2023 ocupa a quinta praza na serie histórica completa, co precedente máis cálido no ano 2015. Para a temperatura mínima, cunha desviación de +2.7 °C con respecto á media, o mes resulta moi cálido, mentres que para a máxima, cunha anomalía positiva de 0.8 °C, cálido.

No mes de **decembro**, as temperaturas non presentan grandes anomalías nos valores máximos pero si que son algo máis altas que o agardado en canto os valores mínimos, principalmente en zonas próximas ao litoral e montañosas. Isto é consecuencia dunha primeira metade do mes máis cálida do normal e unha segunda con fortes inversións térmicas de madrugada. O valor medio foi 9.0 °C. A anomalía media da temperatura para este mes de decembro en Galicia foi de +0.3 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como (lixeiramente) **cálido**. Para a temperatura mínima, cunha desviación de +0.6 °C con respecto á media, o mes resulta cálido, mentres que para a máxima, cunha anomalía positiva de 0.1 °C, o mes considérase normal.

Na **Táboa 2**, preséntanse a categoría asignada a cada mes tendo en conta a temperatura mínima, media e máxima e de acordo aos criterios da Táboa 1.

Categorización mensual segundo as anomalías de temperatura no ano 2023			
Mes	Temperatura mínima	Temperatura media	Temperatura máxima
xaneiro	normal	normal	normal
febreiro	moi frío	normal	moi cálido
marzo	moi cálido	moi cálido	cálido
abril	moi cálido	moi cálido	moi cálido
maio	moi cálido	moi cálido	moi cálido
xuño	extremadamente cálido	moi cálido	moi cálido
xullo	normal	normal	normal
agosto	moi cálido	moi cálido	moi cálido
setembro	moi cálido	moi cálido	cálido
outubro	extremadamente cálido	extremadamente cálido	moi cálido
novembro	moi cálido	moi cálido	cálido
decembro	cálido	cálido	normal

Táboa 2: Cualificación mensual en función das temperaturas mínima, media e máxima con respecto ao período de referencia 1981-2010

3.2. Precipitación

No caso da precipitación (e ao igual que na temperatura), empregaranse os percentiles obtidos da serie rexional no período 1981-2010. Os intervalos das distintas categorías móstranse na Táboa 3. Este mesmo criterio é o que ven sendo considerado nos distintos informes climatolóxicos mensuais ao longo do ano 2023.

Precipitación	
Categoría	Percentil
extremadamente seco	$P < \text{mínimo en 1981-2010}$
moi seco	$\text{mínimo en 1981-2010} \leq P < 20\%$
seco	$20\% \leq P < 40\%$
normal	$40\% \leq P \leq 60\%$
húmido	$60\% < P \leq 80\%$
moi húmido	$80\% < P \leq \text{máximo en 1981-2010}$
extremadamente húmido	$P > \text{máximo en 1981-2010}$

Táboa 3: Categorización en función dos percentiles de precipitación da serie 1981-2010



En **xaneiro**, as acumulacións de chuvia estiveron algo por riba do que cabería agardar nun mes de xaneiro, debido principalmente á chegada de borrascas activas ata o día 20 do mes. Destacan especialmente dentro deste período de chuvias as rexistradas os días 1 e 16, con acumulados que nalgúns puntos superaron os 100 L/m² en 24 horas. O valor medio en 2023 para as dezaseis estacións que compoñen a serie rexional foi 272 L/m². A anomalía media das precipitacións foi un 96% superior ao valor climático normal, o que fai que o mes poida considerarse **moi húmido**, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis húmido foi o ano 2016.

En **febreiro**, as precipitacións foron moi escasas. Nos primeiros 20 días apenas apareceron as chuvias máis que de xeito moi illado e ocasional. Entre o 20 e o 28 si tivemos algunha situación de inestabilidade, pero sen ventos do suroeste e con aire frío, polo que as precipitacións foron máis ben escasas. A precipitación media acumulada foi 25 L/m² e a anomalía media das precipitacións foi un 75 % inferior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse **moi seco**, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis seco foi 2012.

En **marzo**, as precipitacións non se afastan demasiado da normalidade debido á chegada de numerosas borrascas ao longo do mes. Pero esa normalidade ven dun exceso de precipitacións nalgúns puntos, concretamente Pontevedra e sur da Coruña, e un déficit no resto da Comunidade provocado pola persistencia dos ventos do suroeste. O valor medio en 2023 para este mes de marzo foi 117 L/m² e a anomalía media foi un 9 % superior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse (lixeramente) **húmido**, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O ano 2023 xa fora máis húmido.

No mes de **abril**, as precipitacións quedaron en xeral por debaixo da media climática. Aínda así, a anomalía non é tan importante como no caso das temperaturas, xa que, aínda que non houbo moitos episodios de chuvia, algúns deles a mediados do mes si foron bastante activos e permitiron acumulacións significativas de chuvia. O valor medio en 2023 foi 68 L/m², claramente por baixo do valor climático de 115 L/m². A anomalía media das precipitacións foi un 32 % inferior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse **seco**, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis seco foi 2017.

En **maio**, as precipitacións foron en xeral escasas, xa que apenas recibimos a visita de frontes que deixaran chuvias xeneralizadas e de carácter persistente. A meirande parte das chuvias estiveron asociadas a fenómenos tormentosos e, polo tanto, tiveron un carácter moi



irregular, con áreas nas que se acumularon cantidades superiores ás normais e outras cun déficit de precipitación moi acusado. O valor medio en 2023 foi 57 L/m². A anomalía media das precipitacións para este mes de maio foi un 37 % inferior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse **moi seco**, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis seco foi 2023.

En **xuño**, as chuvias acumuladas acadaron rexistros superiores aos normais. As precipitacións quedaron determinadas polas múltiples situacións de tormenta que se viviron nos primeiros 20 días do mes, pero sobre todo polo paso da borrasca Óscar os días 8 e 9 e outro centro de baixas presións os días 19 e 20. Ambos fenómenos deixaron chuvias xeneralizadas e de certa intensidade. Tendo en conta que a climatoloxía indica que xuño é un mes con escasa precipitación, as chuvias asociadas a esas dúas borrascas explican a gran anomalía positiva obtida neste mes de xuño do 2023, no que o valor medio da precipitación acumulada foi 102 L/m². A anomalía media das precipitacións foi un 110 % superior ao valor climático normal, o que fai que o mes poida considerarse como **moi húmido**. Para atopar un xuño máis húmido temos que remontarnos ata o ano 1988.

En **xullo**, a chegada de varias fronteiras dende o Atlántico deixou cantidades de chuvia acumulada próximas aos valores agardados, unicamente, en zonas do terzo oeste, máis concretamente no oeste e no suroeste da Coruña e noroeste de Pontevedra, así como, localmente, na comarca da Limia. Esas fronteiras foron, en xeral, pouco activas e non conseguiron avanzar a áreas da metade leste, onde quedaron cun déficit de precipitación, moito máis acusado no sueste da provincia da Ourense. O valor medio en 2023, para esta serie, foi 20 L/m². A anomalía media das precipitacións en xullo de 2023 en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi un 43 % inferior ao valor climático normal, o que fai que o mes poida considerarse **seco**. O precedente máis seco atopámolo no ano 2023.

En **agosto**, as chuvias tiveron un comportamento relativamente normal nos puntos máis afectados polo paso das fronteiras dos primeiros días do mes e das xornadas do 18 e 19, que foron a provincia de Pontevedra, sur da Coruña e zonas da provincia de Lugo. Porén, outras zonas, como puntos de Ourense e o norte da Coruña, quedaron cun déficit de chuvia. O valor medio en 2023 foi 29 L/m². A anomalía media das precipitacións para este mes de agosto foi un 29 % inferior ao valor climático, un dato que, tendo en conta as variacións habituais neste mes, fai que o mes poida considerarse **normal**. O precedente máis seco atopámolo o pasado ano 2023.



No mes de **setembro**, as precipitacións acumuladas ao longo do mes estiveron, en xeral, por riba das agardadas, aínda que o carácter convectivo da meirande parte das precipitacións fai que as cantidades totais estean irregularmente repartidas, polo que temos moitas zonas cun superávit acusado pero tamén puntos da montaña de Lugo e do litoral oeste nos que mesmo tivemos déficit de chuvia. A precipitación media en 2023 foi 110 L/m² e a anomalía media das precipitacións un 46 % superior ao valor climatolóxico normal. Isto fai que o mes poida considerarse **húmido**, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis húmido foi o ano 1999.

En **outubro**, as precipitacións acumuladas quedaron moi por riba do que se pode agardar. A pesar de que os primeiros 12 días foran absolutamente secos, a continua chegada de borrascas moi activas na segunda quincena fixo que se acumularan cantidades moi significativas de precipitación. O valor medio en 2023 foi 374 L/m² e a anomalía media das precipitacións un 127% superior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse como **moi húmido**, tendo en conta o conxunto da Comunidade. Este mes de outubro de 2023 é o segundo máis húmido de toda a serie, co precedente máis húmido no ano 1987.

As precipitacións acumuladas no mes de **novembro** estiveron, en moitos puntos, moi por riba da media climática. As cantidades máis apreciáveis rexistráronse na primeira quincena coa chegada de borrascas activas, algunhas delas con ríos atmosféricos que nalgúns casos acumularon cantidades superiores aos 100 mm en 24 horas. O valor medio en 2023 foi 313 L/m². A anomalía media das precipitacións foi un 82 % superior ao valor climático normal, o que fai que o mes poida considerarse como **moi húmido**, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis húmido foi 2019.

En **decembro**, as precipitacións estiveron preto da normalidade en moitos puntos de Galicia, xa que, aínda que as fronteiras dos primeiros días foron moi activas, a segunda quincena do mes foi máis seca. A precipitación media acumulada foi 175 L/m². A anomalía media das precipitacións para este mes de decembro en Galicia foi un 3 % inferior ao valor climático normal, o que fai que o mes poida considerarse **normal**. O precedente máis seco foi o ano 2018.



Na **Táboa 4**, preséntanse a categoría asignada a cada mes tendo en conta a precipitación acumulada e segundo os criterios da Táboa 3.

Resumo mensual anomalías de precipitación no ano 2023	
Mes	Cualificación
xaneiro	moi húmido
febreiro	moi seco
marzo	húmido
abril	seco
maio	moi seco
xuño	moi húmido
xullo	seco
agosto	normal
setembro	húmido
outubro	moi húmido
novembro	moi húmido
decembro	normal

Táboa 4: Cualificación mensual en función da precipitación acumulada con respecto ao período de referencia 1981-2010

4 BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2023 EN GALICIA

A continuación, na **Táboa 5**, móstranse as estacións da rede de MeteoGalicia onde se mediu a media das máximas máis alta, considerando aquela na que os valores foron superiores aos 30 °C. Nos meses de xullo e agosto, chegou a superarse ese limiar en moitas localidades da provincia de Ourense e, de xeito máis local, de Lugo e Pontevedra.

Temperaturas máximas medias por riba de 30 °C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	mes
A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	33.1	agosto
EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	33.0	agosto
Ourense	OURENSE	Ourense	32.8	agosto
Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	32.1	agosto
San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	31.9	agosto
Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	31.9	agosto
Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	31.7	agosto
Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	31.4	agosto
As Petarelas	RUBIÁ	Ourense	31.3	agosto
Larouco	LAROUCO	Ourense	31.3	agosto
Monforte-CFEA	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	31.3	agosto
Verín-Vilamaior	VERÍN	Ourense	31.1	agosto
Míllara	PANTÓN	Lugo	31.0	agosto
Laza	LAZA	Ourense	31.0	agosto
Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	30.9	agosto
Ourense	OURENSE	Ourense	30.8	xullo
A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	30.7	xullo
EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	30.6	xullo
Xabrega	SOBER	Lugo	30.5	agosto
Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	30.4	xullo
Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	30.1	xullo
Meder	SALVATERRA DE MIÑO	Pontevedra	30.1	agosto

Táboa 5: Temperatura máxima media máis alta ano 2023

Na **Táboa 6**, móstranse as estacións da rede de MeteoGalicia onde se mediu a media das máximas máis baixa, considerando aquelas nas que os valores foron inferiores aos 10 °C. Destacan, loxicamente, os meses de inverno, especialmente xaneiro, pero tamén, en menor número, decembro e febreiro e, por último, con algún caso illado, novembro e marzo, cando moitas localidades de Ourense e do interior de Lugo e algunhas da Coruña e Pontevedra quedaban por baixo dese limiar. Cabe destacar que a maior parte destas estacións se localizan en zonas montañosas.



Temperaturas máximas medias por debaixo de 10°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	3.1	xaneiro
Xares	VEIGA (A)	Ourense	3.5	xaneiro
Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	3.8	xaneiro
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	3.9	xaneiro
Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	4.7	febreiro
Ancares	CERVANTES	Lugo	4.7	xaneiro
O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	5.1	xaneiro
Xares	VEIGA (A)	Ourense	5.4	febreiro
Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	5.9	xaneiro
O Xistral	MURAS	Lugo	6.0	xaneiro
Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	6.3	febreiro
Fontaneira	BALEIRA	Lugo	6.4	xaneiro
Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	6.4	decembro
Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	6.4	xaneiro
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	6.5	febreiro
Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	6.5	marzo
Xares	VEIGA (A)	Ourense	6.6	decembro
Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	6.6	xaneiro
Corzos	VEIGA (A)	Ourense	6.7	xaneiro
Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	6.8	xaneiro
Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	7.1	decembro
Alto do Faro	CHANTADA	Lugo	7.2	xaneiro
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	7.2	decembro
San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	7.3	xaneiro
A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	7.4	xaneiro
Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	7.4	xaneiro
Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	7.6	novembro
Serra Vacaloura	PORTOMARÍN	Lugo	7.6	xaneiro
Xares	VEIGA (A)	Ourense	7.6	marzo
O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	7.6	decembro
Xurés	MUIÑÓS	Ourense	7.7	xaneiro
Labrada	ABADÍN	Lugo	7.8	xaneiro
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	7.9	xaneiro
O Xipro	FONSAGRADA (A)	Lugo	8.0	xaneiro
Xares	VEIGA (A)	Ourense	8.0	novembro
Corno do Boi	FRIOL	Lugo	8.1	xaneiro
Ancares	CERVANTES	Lugo	8.1	febreiro
Guitiriz-Mirador	VILALBA	Lugo	8.1	xaneiro
Ancares	CERVANTES	Lugo	8.2	decembro
A Trabe	VILARDEVÓS	Ourense	8.2	decembro
Abradelo	SAMOS	Lugo	8.2	xaneiro
O Xistral	MURAS	Lugo	8.2	febreiro
Marco da Curra	MONFERO	A Coruña	8.3	xaneiro
Courel	FOLGOSO DO COUREL	Lugo	8.3	xaneiro
Fragavella	ABADÍN	Lugo	8.4	xaneiro
Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	8.4	febreiro
O Xistral	MURAS	Lugo	8.4	decembro



Temperaturas máximas medias por debaixo de 10°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	8.4	febreiro
Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	8.4	marzo
Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	8.5	novembro
Muralla	LOUSAME	A Coruña	8.5	xaneiro
Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	8.5	decembro
Pol	POL	Lugo	8.5	xaneiro
Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	8.6	xaneiro
Riós	RIÓS	Ourense	8.6	xaneiro
Riós	RIÓS	Ourense	8.6	decembro
Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	8.6	xaneiro
Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	8.7	xaneiro
Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	8.7	xaneiro
Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	8.8	decembro
A Trabe	VILARDEVÓS	Ourense	8.8	xaneiro
Marroxo	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	8.9	xaneiro
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	8.9	xaneiro
Olveda	ANTAS DE ULLA	Lugo	8.9	xaneiro
Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	9.0	decembro
Fontaneira	BALEIRA	Lugo	9.0	decembro
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	9.1	xaneiro
A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	9.1	decembro
O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	9.1	febreiro
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	9.1	xaneiro
Río do Sol	CORISTANCO	A Coruña	9.2	xaneiro
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	9.2	novembro
San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	9.3	decembro
Corzos	VEIGA (A)	Ourense	9.4	decembro
Alto do Faro	CHANTADA	Lugo	9.4	decembro
Serra Vacaloura	PORTOMARÍN	Lugo	9.5	decembro
Baltar	BALTAR	Ourense	9.5	xaneiro
Marroxo	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	9.5	decembro
Conchada	QUIROGA	Lugo	9.5	xaneiro
Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	9.6	decembro
Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	9.7	febreiro
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	9.7	marzo
Laza	LAZA	Ourense	9.7	decembro
San Nomedio	NEVES (AS)	Pontevedra	9.7	xaneiro
Lalín	LALÍN	Pontevedra	9.7	xaneiro
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	9.7	decembro
Courel	FOLGOSO DO COUREL	Lugo	9.8	decembro
Labrada	ABADÍN	Lugo	9.8	febreiro
Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	9.8	febreiro
Labrada	ABADÍN	Lugo	9.8	decembro
Guitiriz-Mirador	VILALBA	Lugo	9.9	decembro
Ancares	CERVANTES	Lugo	9.9	novembro
Feiranova-Santaballa	VILALBA	Lugo	9.9	xaneiro
Entrimo	ENTRIMO	Ourense	9.9	xaneiro
Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	9.9	xaneiro



Temperaturas máximas medias por debaixo de 10°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Fragavella	ABADÍN	Lugo	9.9	febreiro
Corno do Boi	FRIOL	Lugo	9.9	decembro

Táboa 6: Temperatura máxima media máis baixa no ano 2023

Na **Táboa 7**, móstranse as estacións da rede de Meteogalicia onde se mediu a media das mínimas máis baixa, considerando aquelas nas que os valores foron inferiores a 1 °C. Destacan, loxicamente, os meses de inverno, especialmente xaneiro e febreiro, en menor medida decembro e, por último, marzo, cando moitas localidades de Ourense e do interior de Lugo e algunhas da Coruña e Pontevedra quedaban por baixo dese limiar. Temos que recordar que xaneiro resultou normal e febreiro moi frío no que se refire á temperatura mínima media, mentres que decembro foi cálido e marzo moi cálido e por iso hai un número moito menor de estacións que rexistraron unha temperatura mínima media por baixo de 1 °C.

Temperaturas mínimas medias por debaixo de 1°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-2.9	febreiro
Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-2.7	febreiro
Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-2.6	xaneiro
Xares	VEIGA (A)	Ourense	-2.6	xaneiro
Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-2.1	xaneiro
Monforte-CFEA	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	-2.0	febreiro
Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-1.9	febreiro
Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-1.8	febreiro
Xares	VEIGA (A)	Ourense	-1.7	febreiro
Baltar	BALTAR	Ourense	-1.6	febreiro
O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-1.6	xaneiro
Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-1.6	xaneiro
Morelle	SARRIA	Lugo	-1.4	febreiro
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-1.3	febreiro
Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-1.3	xaneiro
Rozas	CASTRO DE REI	Lugo	-1.2	febreiro
Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-1.1	febreiro
Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-1.1	febreiro
Castro De Rei	CASTRO DE REI	Lugo	-1.0	febreiro
Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	-0.9	febreiro
Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	-0.9	febreiro
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-0.9	xaneiro
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-0.9	xaneiro
Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-0.9	febreiro
Cospeito	COSPEITO	Lugo	-0.9	febreiro
A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	-0.8	xaneiro
Ancares	CERVANTES	Lugo	-0.8	xaneiro
Baltar	BALTAR	Ourense	-0.7	xaneiro



Temperaturas mínimas medias por debaixo de 1°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-0.6	febreiro
Campus Lugo	LUGO	Lugo	-0.5	febreiro
EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	-0.5	febreiro
Ordes	ORDES	A Coruña	-0.3	febreiro
Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	-0.3	xaneiro
Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	-0.3	xaneiro
Portomarín	PORTOMARÍN	Lugo	-0.2	febreiro
Castro R. de Lea	CASTRO DE REI	Lugo	-0.2	febreiro
Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	-0.1	febreiro
A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	-0.1	febreiro
Feiranova-Santaballa	VILALBA	Lugo	0.0	febreiro
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	0.0	febreiro
Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	0.0	febreiro
Baltar	BALTAR	Ourense	0.1	decembro
Vilarmaior	RODEIRO	Pontevedra	0.1	febreiro
Monte Medo	BAÑOS DE MOLGAS	Ourense	0.1	febreiro
Xares	VEIGA (A)	Ourense	0.2	marzo
Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	0.2	decembro
Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	0.2	xaneiro
Laza	LAZA	Ourense	0.2	febreiro
San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	0.3	febreiro
San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	0.3	xaneiro
Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	0.3	xaneiro
Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	0.4	febreiro
A Granxa	PONTEAREAS	Pontevedra	0.4	febreiro
Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	0.4	xaneiro
Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	0.4	marzo
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	0.6	febreiro
Ourense	OURENSE	Ourense	0.6	febreiro
Bóveda	BÓVEDA	Lugo	0.6	febreiro
As Petarelas	RUBIÁ	Ourense	0.7	xaneiro
Mabegondo	ABEGONDO	A Coruña	0.7	febreiro
Larouco	LAROUCO	Ourense	0.8	febreiro
A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	0.8	febreiro
Riós	RIÓS	Ourense	0.9	xaneiro
Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	0.9	abril
Monforte-CFEA	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	0.9	xaneiro
Larouco	LAROUCO	Ourense	0.9	xaneiro
Montaos	ORDES	A Coruña	0.9	febreiro
Arzúa	ARZÚA	A Coruña	0.9	febreiro
A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	0.9	decembro
Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	0.9	febreiro
Morelle	SARRIA	Lugo	1.0	xaneiro
Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	1.0	xaneiro
Ancares	CERVANTES	Lugo	1.0	febreiro
Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	1.0	decembro
Laza	LAZA	Ourense	1.0	xaneiro
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	1.0	febreiro

Temperaturas mínimas medias por debaixo de 1°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Melide	MELIDE	A Coruña	1.0	febreiro
Corzos	VEIGA (A)	Ourense	1.0	decembro
Olveda	ANTAS DE ULLA	Lugo	1.0	febreiro

Táboa 7: Temperaturas mínimas medias máis baixas no ano 2023

Na **Táboa 8**, móstranse as estacións da rede de Meteogalicia onde se mediu a media das mínimas máis alta, considerando aquelas nas que os valores foron superiores aos 16 °C. Destacan, loxicamente, os meses de verán, xullo e agosto, pero tamén de outono, setembro e outubro, cando moitas localidades das provincias da Coruña e Pontevedra e algunha do norte de Lugo, principalmente costeiras, quedaban por riba dese limiar. Destacan as estacións do mes de outubro, pero hai que lembrar que resultou un mes extremadamente cálido para esta variable.

Temperaturas mínimas medias por enriba dos 16 °C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Porto de Marín	MARÍN	Pontevedra	18.4	agosto
Punta Langosteira	ARTEIXO	A Coruña	18.3	agosto
Porto de Vigo	VIGO	Pontevedra	18.2	agosto
Coruña-Torre de Hércules	CORUÑA (A)	A Coruña	18.2	agosto
Cariño-Porto	CARIÑO	A Coruña	18.0	agosto
Punta Langosteira	ARTEIXO	A Coruña	17.7	setembro
Porto de Vigo	VIGO	Pontevedra	17.6	xuño
Porto de Marín	MARÍN	Pontevedra	17.6	xuño
Coruña-Dique	CORUÑA (A)	A Coruña	17.6	agosto
Corón	VILANOVA DE AROUSA	Pontevedra	17.6	agosto
Porto de Vigo	VIGO	Pontevedra	17.5	setembro
Porto de Marín	MARÍN	Pontevedra	17.5	xullo
Cangas-Porto	CANGAS	Pontevedra	17.5	agosto
Coruña-Torre de Hércules	CORUÑA (A)	A Coruña	17.4	setembro
Porto de Vigo	VIGO	Pontevedra	17.4	xullo
Punta Langosteira	ARTEIXO	A Coruña	17.3	xullo
CIS Ferrol	FERROL	A Coruña	17.3	agosto
Coruña-Torre de Hércules	CORUÑA (A)	A Coruña	17.3	xullo
Pedro Murias	RIBADEO	Lugo	17.2	agosto
Cabo Udra	BUEU	Pontevedra	17.1	agosto
Cariño	CARIÑO	A Coruña	17.1	agosto
Vilamor	MONDOÑEDO	Lugo	17.1	agosto
Camariñas	CAMARIÑAS	A Coruña	17.0	agosto
Illas Cíes	VIGO	Pontevedra	17.0	agosto
Sálvora-Pazo	RIBEIRA	A Coruña	17.0	setembro
Porto de Marín	MARÍN	Pontevedra	17.0	setembro
Cangas-Porto	CANGAS	Pontevedra	17.0	setembro
Sanxenxo	SANXENXO	Pontevedra	17.0	agosto



Temperaturas mínimas medias por enriba dos 16 °C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Vigo	VIGO	Pontevedra	16.9	agosto
Cangas-Porto	CANGAS	Pontevedra	16.9	xuño
Sálvora-Pazo	RIBEIRA	A Coruña	16.9	agosto
Corón	VILANOVA DE AROUSA	Pontevedra	16.9	xuño
Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	16.9	agosto
Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	16.9	agosto
Illas Cíes	VIGO	Pontevedra	16.9	setembro
Coruña-Torre de Hércules	CORUÑA (A)	A Coruña	16.8	xuño
Punta Langosteira	ARTEIXO	A Coruña	16.8	xuño
Abelleira	MUROS	A Coruña	16.8	agosto
Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	16.8	agosto
Corón	VILANOVA DE AROUSA	Pontevedra	16.8	setembro
Cabo Udra	BUEU	Pontevedra	16.8	setembro
Baiona	BAIONA	Pontevedra	16.8	agosto
Sálvora-Pazo	RIBEIRA	A Coruña	16.8	xuño
Coruña-Dique	CORUÑA (A)	A Coruña	16.7	setembro
Coruña-Dique	CORUÑA (A)	A Coruña	16.7	xullo
Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	16.7	setembro
Lira	CARNOTA	A Coruña	16.68	setembro
Cabo Udra	BUEU	Pontevedra	16.7	xuño
Cariño-Porto	CARIÑO	A Coruña	16.7	setembro
Malpica	MALPICA DE BERGANTIÑOS	A Coruña	16.6	agosto
Corón	VILANOVA DE AROUSA	Pontevedra	16.6	xullo
Illas Cíes	VIGO	Pontevedra	16.6	xuño
Cariño-Porto	CARIÑO	A Coruña	16.6	xullo
Lira	CARNOTA	A Coruña	16.6	agosto
Sanxenxo	SANXENXO	Pontevedra	16.6	setembro
Areas	TUI	Pontevedra	16.6	agosto
Corrubedo	RIBEIRA	A Coruña	16.5	setembro
Vigo-Campus	VIGO	Pontevedra	16.5	agosto
Coruña-Dique	CORUÑA (A)	A Coruña	16.5	xuño
Baiona	BAIONA	Pontevedra	16.5	xuño
Foz	FOZ	Lugo	16.4	agosto
Ons	BUEU	Pontevedra	16.4	setembro
Pé Redondo	MEIS	Pontevedra	16.4	agosto
Ons	BUEU	Pontevedra	16.4	agosto
Cangas-Porto	CANGAS	Pontevedra	16.4	xullo
Torrequeixán	MEIS	Pontevedra	16.3	agosto
Vigo	VIGO	Pontevedra	16.3	setembro
Sanxenxo	SANXENXO	Pontevedra	16.3	xuño
Camariñas	CAMARIÑAS	A Coruña	16.3	setembro
Corrubedo	RIBEIRA	A Coruña	16.3	agosto
Pedro Murias	RIBADEO	Lugo	16.3	setembro
Vigo	VIGO	Pontevedra	16.2	xuño
Illas Cíes	VIGO	Pontevedra	16.2	xullo
Cabo Udra	BUEU	Pontevedra	16.2	xullo
Castrove	POIO	Pontevedra	16.2	agosto
CIS Ferrol	FERROL	A Coruña	16.2	setembro



Temperaturas mínimas medias por enriba dos 16 °C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	16.2	xuño
Sanxenxo	SANXENXO	Pontevedra	16.2	xullo
Cariño-Porto	CARIÑO	A Coruña	16.1	xuño
Sálvora-Pazo	RIBEIRA	A Coruña	16.1	xullo
Ourense	OURENSE	Ourense	16.1	agosto
Pedro Murias	RIBADEO	Lugo	16.1	xullo
Lourizán	PONTEVEDRA	Pontevedra	16.1	agosto
Abelleira	MUROS	A Coruña	16.1	setembro
Punta Langosteira	ARTEIXO	A Coruña	16.1	outubro
O Val	NARÓN	A Coruña	16.1	agosto
Porto de Vigo	VIGO	Pontevedra	16.1	outubro
Sálvora-Pazo	RIBEIRA	A Coruña	16.1	outubro
Baiona	BAIONA	Pontevedra	16.1	setembro
Illas Cíes	VIGO	Pontevedra	16.1	outubro
A Lanzada	GROVE (O)	Pontevedra	16.1	agosto
Guísamo	BERGONDO	A Coruña	16.1	agosto
Entenza	SALCEDA DE CASELAS	Pontevedra	16.0	agosto
Cespón	BOIRO	A Coruña	16.0	agosto

Táboa 8: Temperaturas mínima media máis alta no ano 2023

Nas **Táboas 9 e 10**, indícanse as temperaturas máximas e mínimas absolutas rexistradas na rede de estacións de Meteogalicia. Houbo dous episodios que deixaron sobre Galicia temperaturas máximas extremas, o 8 de agosto e o 22 e 23 do mesmo mes, nas que en moitos puntos das provincias de Ourense e Lugo houbo rexistros de máis de 40 °C.

Temperaturas máximas absolutas				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Data
A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	42.9	22/08/2023
San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	42.8	23/08/2023
Ourense	OURENSE	Ourense	42.5	08/08/2023
Monforte-CFEA	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	42.3	23/08/2023
Míllara	PANTÓN	Lugo	42.2	23/08/2023
EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	42.0	08/08/2023
Laza	LAZA	Ourense	42.0	22/08/2023
Ourense	OURENSE	Ourense	42.0	23/08/2023
Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	41.9	23/08/2023
EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	41.9	23/08/2023
Larouco	LAROUCO	Ourense	41.9	22/08/2023
A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	41.6	08/08/2023
Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	41.5	08/08/2023
Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	41.3	22/08/2023
Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	41.2	08/08/2023
Portomarín	PORTOMARÍN	Lugo	41.1	23/08/2023
Bóveda	BÓVEDA	Lugo	41.0	23/08/2023
As Petarelas	RUBIÁ	Ourense	41.0	23/08/2023



Temperaturas máximas absolutas				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Data
Ponte Boga	CASTRO CALDELAS	Ourense	40.9	23/08/2023
Verín-Vilamaior	VERÍN	Ourense	40.9	22/08/2023
Laza	LAZA	Ourense	40.8	23/08/2023
Morelle	SARRIA	Lugo	40.8	23/08/2023
Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	40.8	22/08/2023

Táboa 9: Temperatura máxima absoluta no ano 2023

En canto ás mínimas absolutas, destacan, especialmente, varias xornadas a finais de febreiro e comezos de marzo entre as máis frías do ano, con temperaturas entre -6 e -12 °C. Xeograficamente, estas zonas correspóndense, principalmente, ás provincias de Ourense e Lugo.

Temperaturas mínimas absolutas				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Data
Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-11.6	24/02/2023
Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-10.6	02/03/2023
Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-9.1	28/02/2023
Xares	VEIGA (A)	Ourense	-9.1	01/03/2023
Baltar	BALTAR	Ourense	-9.1	02/03/2023
Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-8.9	27/02/2023
O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-8.2	28/02/2023
Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	-7.9	28/02/2023
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-7.7	28/02/2023
A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	-7.5	28/02/2023
